

CONSERVACIÓN E PROPAGACIÓN VEXETATIVA DO BANCO DE XERMOPLASMA DE *SEQUOIA SEMPERVIRENS* DE LOURIZÁN

O Centro de Investigación Forestal de Lourizán xestiona varias coleccións de xermoplasma de especies forestais, que cumpren, entre outras, a función de reserva da diversidade xenética. Algunhas delas, como o banco de xermoplasma de *Sequoia sempervirens*, dedícanse á produción de estaquillas para realizar a súa propagación vexetativa. Este método úsase para obter copias iguais xeneticamente de cada individuo. Esta especie posúe unha boa capacidade de produción de semente; non obstante, a súa porcentaxe de xerminación é moi escasa.



Mostra fotográfica do proceso completo levado a cabo durante un período de tempo determinado.





5

19/11/2021




6

10/02/2022



11

10/02/2022



10

Hormona AIB



12

20/07/2022



O **proceso de produción de estaquillas e propagación vexetativa** comprende varias fases e enuméranse a continuación:

- A** Poda de renovación das cepas, que conforman a colección de xermoplasma, mediante podas drásticas.
- B** Preparación previa: substrato (80 % turba e 20 % perlita en bandexas de alvéolos, funxicida e hormona de crecemento (ácido indolbutírico, 4g/L de auga).
- C** Recollida de estaquillas (das guías ou tallos apicais para que as estaquillas no seu desenvolvemento manteñan esa verticalidade).
- D** Preparación de estaquillas: dar forma, inmersión total en funxicida (10 min.), incisión lonxitudinal na base e baño da parte basal con hormona de crecemento (2 min.).
- E** Colocación de estaquillas no substrato e realización da primeira rega de establecemento.
- F** Coidados no seu desenvolvemento: elevada humidade ambiental durante os primeiros meses. A calefacción basal mellora a formación de raíces. Posteriormente, transplante desde os alvéolos ás macetas.

Atendendo a estas condicións particulares, nun ensaio dun conxunto de 125 estaquillas, o 64 % desenvolveron as súas raíces e formaron unha planta adecuada. Esta especie forestal cando acada certa idade, presenta unha gran resistencia e adaptación ao lume (pola súa casca e control do mato e pola súa capacidade de rebrote) e pode proporcionar maior resiliencia aos nosos bosques galegos, que se atopan en continua ameaza polo lume forestal.

Versión en castelán



Plan de conservación de recursos xenéticos forestais.

Proxecto RF/2023/2/6

Financiado nun 75 % por Feader, nun 7,5 % polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e nun 17,5 % pola Xunta de Galicia